

La Xunta de Galicia invertirá un total de 980.000 euros en la construcción de 35 viviendas en Xuvia

Cerca de 300 asistentes a la fiesta en honor a Santa Catalina organizada por la Asociación de Amigos del Monasterio

DOLORES VILLARINO PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Tivo que ser na sétima lexislatura, pero finalmente, e despois dun cuarto de século de historia, o Parlamento galego está presidido por unha muller. Dolores Villarino, natural da vila ourensá de Xinzo de Limia, asistiu en Ferrol aos ac-

tos de conmemoración do 25 aniversario da constitución da Cámara autonómica, que se celebraron entre o venres e onte na cidade. Nomeada máxima responsable do Parlamento o 18 de xullo de 2005, Villarino ten unha destacada ca-

rrera política dentro do PSdeG, que comezou no eido local no Concello de Vigo. Licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais, a presidenta da Cámara galega forma parte desta institución dende a quinta lexislatura.

“É difícil ver unha sesión do Parlamento na que unha se poida sentir avergonzada”

A responsable da Cámara presidiu en Ferrol os actos do 25 aniversario da institución

ENTREVISTA DE EVA M. MONTERO

É a primeira muller en presidir o Parlamento galego, unha institución que este ano celebra o seu 25 aniversario. Dolores Villarino, deputada do PSdeG dende a quinta lexislatura, participou o venres no Concello e onte en San Felipe nos actos que a Cámara autonómica organizou en Ferrol.

—O eslogan destes actos de conmemoración é “Diálogos”, algo que, como definiu vostede, é unha ferramenta fundamental dun sistema democrático como o noso. ¿Existe realmente diálogo no Parlamento galego e entre os políticos que compoñen este organismo?

—A verdade é que a imaxe que se dá do Parlamento é bastante distorsionada e equivocada, e sobre todo nesta lexislatura, na que de momento, e salvo unha lei, o resto foron aprobadas por unanimidade. O que sucede é que a noticia é cando non se aproba algo ou se produce algún rift-rafe. Si é certo que ao principio non era tan doado porque ao Partido Popular costoulle adaptarse á nova situación de ser oposición. Tamén os grupos de goberno tiveron que cambiar a súa actitude, aínda que iso se aprende máis rapidamente. Teño que dicir que existe un clima de debate, aínda que

tamén de confrontación cando non se comparten as ideas.

—E entre os grupos que comparten a responsabilidade de gobernar, PSOE e BNG, ¿existe un bo clima no Parlamento ou ás veces hai algún problema de entendemento entre ambos?

—No Parlamento galego nunca houbo confrontación algunha entre os dou grupos que apolan ao goberno. Ata o de agora, o PSdeG-PSOE e o BNG están actuando como dous grupos sólidos e sempre votaron xuntos, non só nos plenos, tamén nas diferentes comisións. Penso que estamos ante un goberno que se caracteriza pola súa estabilidade.

—É a primeira muller que preside o Parlamento galego. Ata o momento, ¿cal é a súa valoración neste cargo? ¿Pensa que ten máis dificultades á hora de levar este posto que se fose un home?

—O que se di dificultades, probablemente non teña máis que se fose un home. O que si é certo é que ao mellor houbo máis expectativas e me sentía un pouco vixiada porque a xente estaba pendente do que facía. É diferente aos anteriores presidentes do Parlamento, pero porque son unha persoa diferente máis que polo feito de ser muller. Si creo que é importante que o presida unha muller, non porque sexa eu, senón porque por primeira vez as forzas progresistas



Villarino, nun momento da entrevista celebrada no Concello. JORGE MEAS

acadaron a maioría parlamentaria e como socialista non teño máis que alegrarme. E que sexa unha muller é mellor porque a igualdade é un dos retos importantes deste século e será unha torpeza perder o capital humano que presentamos as mulleres.

—O presidente do Congreso dos Deputados, Manuel Marín, ven falando dende hai tempo da necesidade de modificar o regu-

lamento desa Cámara porque considera que hai puntos que precisan dun cambio urgente. ¿Cal é a súa opinión no caso do Parlamento galego? ¿Teñen pensado introducir algunha modificación no regulamento?

—O regulamento pódese modificar nalgunha cuestión e, por exemplo, adaptalo para que os debates sexan máis vivos, ou acortar os prazos, facendo un debate den-

tro do respecto. De feito, o que podíamos facer fóra dese regulamento xa o fixemos e xa chegamos ao límite. Os grupos dende o primeiro momento faláron da necesidade de introducir modificacións e a iniciativa de facelo a teñen eles. Cando cheguen as propostas, opinaremos os da Mesa. É posible que agora, que hai máis actividade parlamentaria que nunca e un traballo moi intenso, non se aborde esta cuestión, pero penso que antes de que remate esta lexislatura haberá cambios no regulamento.

—¿Como se portan os parlamentarios? ¿Danlle moitos quebradeiros de cabeza?

—A verdade é que se portan moi ben e manteñen unha actitude moi respectuosa. É difícil ver unha sesión do Parlamento na que unha se sinta avergonzada. Pode haber algunha subida de ton, pero sempre dentro da dignidade que lle corresponde á Cámara.

—¿Hai algún debate en concreto que lle gustou especialmente?

—Hai temas que ás veces se debaten que fan que unha se sinta orgullosa de presidir o Parlamento porque se debate a un gran nivel. O que me gustaría é que nesta lexislatura se acadase máis nivel de autogoberno para Galicia porque significa que se poden aprobar leis e normas que nos farán sentir mellor.

Miño

Viva en una zona privilegiada

Estrego inmediato. Con una superficie de 245 m² y parcela hasta de 1000 m². Con todos los detalles: calefacción, cocina equipada, aspiración centralizada, armarios empotrados...

A un paso del futuro campo de golf

A 20' de A Coruña y Ferrol
A 10' de Sada, Betanzos...

Fotos de 1, 2 y 3 dormitorios con garaje, trastero y cocina equipada.

Frente a la Playa Grande

Narón - Alto del Castaño

PISOS DE 1, 2, 3 Y 4 DORMITORIOS

Plazas de garaje y trastero

CONSTRUMAN
www.construman.es

981 141 351 - 696 936 980

LABORAL 11:30 A 13:30 FINEC DE OBRAS 11:30 A 11:50 Y FESTIVOS 11:30 A 13:30

Financiar
Financo Pastor